

ACTA NÚMERO 2/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 15 DE MARZO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día quince de marzo de dous mil dazaseis, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

Non asiste:

D^a. Maria Costa Calviño

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
2. DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-
3. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ORDES, OROSO, TORDOIA E CERCEDA PARA CREACIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA VÍA VERDE A COMPOSTELA.-
4. PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016.-
5. RATIFICACIÓN DO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016.COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRICOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), AO ABEIRO DO PDR DE GALICIA 2014-2020. OBRA: CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBRO E OUTROS.-
6. NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIAS E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN AOS SEÑORES CONCELLEIROS A TRAVES DE CORREO ELECTRÓNICO.-
7. INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-
8. ROGOS E PREGUNTAS.-

- 1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión a acta da sesión plenaria nº 1/2016 celebrada o 28 de xaneiro de 2016, preguntando aos concelleiros asistentes si existe algunha obxección á mesma.

Interven o Concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García solicitando que se retire un comentario que fixo sobre Amadeo Cancela, onde dí que as depuradoras que se fan agora son diferentes as que facía meu pai.

Interven a Concelleira do BNG don Pilar García decindo que os comentarios que se fan en plan cachondeo non fai falta poñelos como “ruta do colesterol”.

Sometida a aprobación queda aprobada a acta anterior polas persoas que asisten ao pleno.

2.- DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-

Pola Presidencia dase lectura dos Decretos e Resolucions da Alcaldía que van dende o 05.01.2016 comezando polo número 5/2016 ata o día 08.03.2016 terminando no número 20/2016, e dos que os concelleiros teñen copias.

3.- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ORDES, OROSO, TORODIA E CERCEDA PARA CREACIÓN, XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA VIA VERDE A COMPOSTELA.-

O señor alcalde da lectura do convenio de Colaboración entre os Concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Oroso, Tordoa e Cerceda para a creación, xestión, explotación e mantemento da Vía Verde a Compostela do que se lle entregou copia a todos os concelleiros/as, que literalmente dí:

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ORDES, OROSO, TORDOIA E CERCEDA PARA A CREACIÓN, XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA VIA VERDE A COMPOSTELA.

En Santiago, a ____ de ____ de 2016

REUNIDOS/AS

DON MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, en nome e representación deste.

DON JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO Alcalde do Concello de Ordes, en nome representación deste.

DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, Alcalde do Concello de Oroso, en nome e representación deste.

DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES, Alcalde do Concello de Tordoa en nome e representación deste.

DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES, Alcalde do Concello de Cerceda en nome e representación deste.

ANTECEDENTES

A recuperación de camiños de ferro en desuso e a súa transformación en "Vías Verdes" é unha ferramenta óptima para poñer en valor o enorme valor ambiental, patrimonial, paisaxístico e turístico destes camiños.

Os Concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda e contan con 36,9 kms de vías sen uso que, unha vez acondicionadas, resultarían moi doadas de transitar, tanto en bicicleta como camiñando, e constituirían un espazo de grande atractivo polo interese natural, paisaxístico e sociocultural.

Así mesmo, a transformación dese tramo convetiría a Vía Verde a Compostela na primeira "Corredoiro Verde" de Galicia en lonxitude e tería unha gran transcendencia e repercusión no desenvolvemento socioeconómico dos cinco Concellos e na promoción turística da zona na medida en que enlazaría, por unha ruta alternativa, á capital de Galicia cos concellos veciños. Por todos estes motivos os Concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda consideran de grande interese xuntar os seus esforzos para solicitar da ADIF a cesión deste tramo de vía, e do conxunto das administracións provinciais, autonómicas e estatais a implicación o seu acondicionamento como "Vía Verde" e asumir a xestión, promoción e mantemento da devandita infraestrutura.

Consonte co anteriormente exposto, consideran así mesmo que a forma máis idónea para adopción de decisións conxuntas é a do Consorcio Local ao quedar, deste xeito, o órgano encargado da xestión, promoción e mantemento da corredoiro verde dotado de personalidade xurídica que lle permita asumir dereitos e obrigas con independencia e autonomía dos entes consorciados.

CLÁUSULAS

Primeira.- De conformidade co disposto na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as partes asinantes deste protocolo comprométese a promover os trámites necesarios para constituír un Consorcio que se encargue da xestión, promoción e mantemento da VIA VERDE A COMPOSTELA.

Segunda.- A creación do Consorcio axustarase ao disposto nos artigos 149-152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

Terceira.- Para dar cumprimento aso citados trámites, as partes que subscriben este protocolo comprométese adopción dos acordos iniciais de creación do Consorcio e nomeamento de representante municipal na Comisión Xestora encargada de elaborar a proposta de Estatutos. E en proba da súa conformidade, asinan este protocolo no lugar e data que se indica no encabezamento.

Explica o contido do expediente o señor alcalde decindo que o proxecto encargase de facelo unha Fundación de ferrocarris e a subvención sería con cargo a plans europeos, o que conleva o ensanche da vía nas Pontes e tamén fai mención aos KM de cada concello que se van acondicionar, tamén comenta que Fomento vai deixar a vía a cambio de diñeiro.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos García decindo que lle sabe mal que esto se trouxese a pleno, fai 2 anos pediu que se colaborará e o desestimaron, e propuxáramos que facer unha vía verde era bo,xa que asistin a varias reunións.

O señor alcalde interven decindo que este proxecto é de fai 8 anos.

Interven a concelleira do BNG Pilar García decindo que ela presentou unha moción sobre este asunto da outra vez cando era concelleira.

O concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos García interven decindo que fai 2 anos que estaba a documentación en Fomento.

Interven o señor alcalde explicando que o que existiu foi un proxecto do Concello de Oroso e do de Santiago de Compostela que consistía en alugar a vías ferreas a Fomento.

Despois de varias intervencións sometese a votación e votan:

-Favor: 7 PP, 2PSdeG-PSOE e 1 BNG.

Polo que queda aprobado o dito protocolo nos seus propios termos.

4.- PLAN AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

A Presidencia informa das bases do Plan de Aforro e Investimentos (PAI) 2016 do que a Secretaria da lectura íntegra da súa finalidade e obxectos do mesmo e que foron publicados no Boletín Oficial da Provincia do martes 5 de xaneiro de 2016, número 2.

O presente “Plan de aforro e investimento (PAI) 2016”, é un plan de Deputación Provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente vaise financiar cunha achega provincial dpor un importe de 21.485.000,00€ no exercicio 2016. A cantidade asignada a este concello é de 218.381,45 euros.-

Entre os principais problemeas de moitos dos concellos están o seu alto grado de endebedamento e os custos de matemento das súas infraestruturas, cada concello poderá destinar o importe do préstamo provincial asignado a “redución do seu endebedemento” e á “realización de obras ou subministracións”, en función do seu “nivel de endebedamento”, calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe de Secretaria-Intervención, onde o nivel de endebedemento deste Concello non permite acceder a inversión, ACORDO:

1.- Participar no Plan de aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedemento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA
---------------------	------------------------	-------------------------------------------------

		DÉBEDA
BCL (ahora INSTITUCIONES)	BBVA 95/45218580	218.381,45€
TOTAL		218.381,45€

B) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	218.381,45€
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	
TOTAL	218.381,45€

2. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4. Delegar no señor alcalde as modificacións presupostarias necesarias para a execución deste expediente.

5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supere o 100% do seu importe

Interven a señora secretaria explicando o expediente e di que a finalidade é reducir o endebedamento e sí sobra, poden facerse investimentos.

Interven o señor alcalde decindo que o préstamo é de 218.381,45€ para amortizar a deuda, explicando o contido.

Sometese a votación e votan:

A favor: 7 PP e 2 PSdeG-PSOE

Abstención: 1 BNG.

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

5.- RATIFICACIÓN DO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016. OBRA: CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBROA E OUTROS.-

Unha vez vista a Resolución do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, A Xunta de Goberno Local ACORDA:

1. Aprobar a participación no Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016.
2. Aprobar o proxecto de CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBROA E OUTRO elaborado por don Julio Rojo Martinez, nº de colegiado 3871, por un importe de 86.333,50€.-
3. Declara que este concello consta cos terreos polos que se pretende a execución do proxecto son de titularidade municipal, existindo dispoñibilidade e autorizacións e concesións necesarias para levar a cabo as obras.
4. Acreditar como representante do Concello e ante a administración a Don Antonio Pereiro Liñares.
5. O 14.10.2015 este concello remitiu as contas do último exercicio orzamentario ao Consello de Contas.
6. Declara que o concello non ten solicitadas nin concedidas outras axudas para esta finalidade.
7. Declara que este concello non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no apartado 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Declarar que este concello esta ao día nas súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social e non ten débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
9. Aceptar integramente os termos e prescicións e as condicións de financiamento previstos na Orde.
10. Ratificar polo próximo pleno ordinario.

O señor alcalde explica o contido do expediente indicando que conceden 71350,00€ para a realización destas obras que teñen que reunir uns requisitos e inclúense 4 camiños agrícolas.

Sometese a votación e interven a señora concelleira do BNG, en principio abstendose porque creía que non se incluía o camiño do Pousadoiro, e unha vez explicada a duda votan:

- a favor: 7 PP; 2 PSdeG-PSOE e 1 BNG.

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

6.- NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIAS E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN AOS SEÑORES CONCELEIROS A TRAVES DE CORREO ELECTRÓNICO.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

En base a normativa que regula a Administración Electrónica e debido á sociedade na que vivimos, para maior axilidade e mellor xestión ao non existir Regulamento organizativo PROPOÑO:

A utilización de correo electrónico como medio de notificación para convocar os Plenos e entregar a documentación do mesmo.

O señor alcalde explica o contido do expediente e interven o señor Carlos Garcia que xa o pediu no seu día.

7.- INFORMACIÓNS DA ALCADÍA.-

O señor alcalde informa do seguinte:

1. No pleno do 28.01.2016 a concelleira do BNG Pilar García preguntou sobre a subvención de información xuvenil, e o señor alcalde facilitalle a documentación e explica o procedemento que se solicitou unha subvención, e despois o que che conceden e outra cousa.

Interven a concelleira preguntando que subvención é, e que si é a que preguntou ela?, o señor alcalde sigue explicando.

2. Sobre a solicitude en relación a Resolución do 29 de decembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se convocan subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria das entidades locais previstas no Real Decreto-Lei 2/2015, de 6 de marzo, publicado no BOE nº 3 do luns 4 de xaneiro de 2016.

3. Entrega documentación da TDT.

4. Proxecto de Viladoadade, o señor alcalde informa no seu día de que se redactou un proxecto no ano 2014 que non tiña financiación, que se mandou a patrimonio solicitando a autorización da obra.

Feito isto, falouse co propietario desta construción en ruínas e propúxose o traballo dunha serie de arranxos (o dono da caseta pon os materiais) a cambio do terreo de diante para anchar.

Posteriormente en xaneiro de 2015, cando se aprobou o PAI, nun primeiro acordo aprobouse a inclusión desta obra, pero debido a que temos que pedir un permiso a Xunta, decidiuse meter todo en amortizar deuda.

Nunha sesión de Xunta de Goberno Local, pediuse unha axuda para contratar 6 meses a 2 persoas para facer varias obras para o concello e algunha delas onde a Igrexa de Viladoabade, facendose a obra pola propia administración.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que cada vez que fala de ese proxecto, pregúntase si falan da mesma obra. O proxecto trouxouse no mes de marzo, de sobre 170.000 e pico de euros, e un mes despois convoca un pleno extraordinario e 2 meses antes das eleccións e derogase.

O señor alcalde interven decindo que o que esta decindo o concelleiro do Psde G-PSOE non é verdade, e da lectura ao acordo

Carlos García (PSdeG-PSOE) sigue ca súa intervención decindo que despois ven no seguinte pleno que non se vai facer esa obra e despois contaron unha película diferente, esas obras que foron feitas nunha propiedade privada un mes antes das eleccións, e tamén dí que nunca informaron no pleno do que se iba a facer.

Interven o señor alcalde decindo que ten as versións da taberna e do que dí a xente por ahí, pero que o que conta é a documentación.

A señora Secretaria interven decindo que á Xunta pídense os obreiros.

Carlos Garcia segue decindo que descoñece a información dese camiño, e que foi Maria de Viladoabade quen trouxo unha moción para eso e que tres meses antes xa sabia que se iba a facer.

Ahora interven a concelleira do BNG Pilar Garcia preguntando se vive alguén nesa casa.

O concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos García critica o metodo de adquirir o terreo e o señor alcalde dille que ten un documento do dono da cesión do terreo e que faran a obra cando haxa cartos para rematala.

5. Licenza Taxi, comenta o señor alcalde

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García decindo que faltan as mocións de Revisión Catastral que presentou él fai 2 meses. O señor alcalde recoñece que é verdade e dille que poña as mocións se quere.

Pide que se tomen as medidas sobre esto e que se collan estes coeficientes.

O señor alcalde interven decindo que esto neste concello xa se fixo, que chega tarde, e que se adoptou un acordo neste sentido.

Dille que se quere, que lle pasa o acordo e que o debatimos no próximo pleno.

Carlos Garcia (PSdeG-PSOE) interven decindo que esto foi debatido en pleno e dí que debeu ser na lexislatura pasada.

O señor alcalde dí que foi nesta lexislatura e volve a explicarlle que nos terreos os valores en función do que non permite a lei.

Carlos García dí que o debatimos no próximo pleno entón.

Agora interven a concelleira do BNG, dí que ten unha moción sobre as beirarrúas da piscina. O señor alcalde dí que se aprobou un proxecto que realizou Estudio Técnico, que se fixo igual que na Viladoabade.

Tamén fala Pilar a concelleira do BNG dunha moción que presentou en relación ao arranxo da carretera de Agro do Mestre-Santiago, na acta parece que dí que (Pili) faga o escrito e que non debe ser ela se non todos .

O concellerio do PSdeG-PSOE Carlos García sigue manifestando que se absten nesa proposta e quere agora pelexar por unha carretera de Cabaleiros a Ordes como dios manda e que vaia por Santaia.

A concelleira do BNG Pilar García dí que se agora temos que ir a Ordes por Santaia e que non hai ningún concello a un punto de referencia como Santiago cunha carretera nestas condicións.

Tamén comenta que oiu que se iba a abrir a carretera desde Agro do Mestre, recta cara Santiago, pero di que eso non cree que se vaia a facer.

O concelleiro do PSdeG-PSOE dí que esta carretera a ten que coller a Xunta.

Interven o señor alcalde dandolle a razón a Carlos, porque nos non podemos meternos nos demais concellos e que ten que moverse realmente é Santiago e Trazo.

O concelleiro do PSdeG-PSOE dí que o fallo que hai no Agro do Mestre non é problema noso.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Ahora interven a concelleira do BNG preguntando que condicións se lle esixen ás familias que viven en Vilarchán: se pagan algo, canto tempo van estar, etc.

E si ten constancia de que no Polideportivo hai goteiras.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 14:15 h do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,